

**PROGRAMACIÓN
DO
DEPARTAMENTO
DE
FRANCÉS
2021-2022**

Índice:

1. Introducción e contextualización.....	3
2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial:.....	7
2.1- Metodoloxía de traballo no ensino a distancia.	
2.2- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.	
2.3- Mecanismos para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.	
3. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.....	8
4. Relación de estándares de aprendizaxe avaliáveis da área que formarán parte dos perfís competenciais.....	10
5. Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:.....	12
1- Obxectivos e contidos desenvolvidos.	
2- Temporalización.	
3- Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4- Procedementos e instrumentos de avaliación.	
6. Concrecións metodolóxicas.....	66
7. Materiais e recursos didácticos que se vaia utilizar.....	67
8. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.....	67
9. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.....	69
10. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	69
11. Deseño da avaliación inicial e medidas a adoptar.....	69
12. Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital	70
13. Concreción dos elementos transversais.....	71
14. Actividades complementarias e extraescolares.....	73
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	73
16. Accións de contribución ao plan TICs do centro.....	74
17. Accións de contribución ao plan lingüístico e plan lector do centro.....	75

1.- Introducción e contextualización.

1.1.Referencia ao PEC

Ubicación

O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame e máis concretamente no lugar da Silva.

É un municipio de 93,2 quilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia, con 3.386 habitantes (censo do ano 2018), repartidos nos 83 núcleos de poboación.. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza.

Consta de 7 parroquias: Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilacoba.

Todos estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

Nivel socioeconómico

Hai unha distribución da poboación ocupada de forma moi repartida entre o sector servizos, a construción, e seguido da agricultura e industria, segundo consta na páxina web do Concello.

Nivel sociocultural

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiros de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ó Nadal, o Entroido, o Día das letras galegas,... Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática,...

Dende hai dous anos abriuse un aula senior da Uned no Concello de Lousame con actividades musicais e culturais.

Tamén cabe sinalar a presenza de gran número de asociacións e agrupacións socioculturais, como por exemplo a que leva por nome “Xuventude de Cruído”, encargada principalmente da organización de festas gastronómicas e de verbenas.

En canto ó terreo deportivo, este concello conta coas seguintes instalacións : 1 pavillón cuberto e outro semicuberto, 7 pistas polideportivas, a piscina municipal e 3 campos de fútbol.

Características do alumnado

O alumnado provén na súa maioría do propio concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia.

Na súa maioría, teñen hábitos de traballo e non existen desfases entre os seus niveis de coñecemento e as súas idades cronolóxicas; ademais non presentan problemas de conduta nin afectivos susceptibles de mención, aínda que unha pequena porcentaxe en secundaria manifesta pouca motivación cara ou estudo e ten centrada a súa atención noutros aspectos da súa vida

adolescente distintos do estudo. Unha porcentaxe pequena de alumnos/as, distribuídos entre tódolos niveis das distintas etapas que se imparten no centro, teñen unha adaptación curricular. A situación social do alumnado é bastante equilibrada. Algúns casos puntuais de alumnos/as con algún tipo de carencia económica ou de problemática familiar específica, que xorden cada certo tempo, son tratados, despois dunha previa análise, informada polo Departamento de Orientación do centro, polos servizos sociais do concello (a educadora familiar e a trabaladora social).

Temos unha pequena parte de alumnado procedente doutros países, ben por emigración ou por retorno dos emigrados.

Realidade sociolingüística

A maioría do alumnado ten como lingua materna ou galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve. Os primeiros contactos co castelán tiveronos grazas á escola e ós amigos. Os poucos que non aprenderon a falar galego (sobre todo fillos de emigrantes e nenos/as das vilas) afirman maioritariamente saber falalo agora.

No referente ó ámbito educativo, se se lles imparten as cases na lingua vernácula, afirman comprendelas a inmensa maioría dos alumnos/as. De feito, tamén é esa a lingua vehicular cos compañeiros. Un amplo número usa ou galego nas súas intervencións nas aulas, para tomar apuntes e para realizar traballos.

Inclusión da materia no currículo

O Francés lingua estranxeira conta cunha longa traxectoria no currículo do centro dende a introdución da reforma LOGXE. Foi sempre unha materia ben aceptada contando con alumnado que a escollía como optativa aínda que no presente curso, e por primeira vez, non se conseguiu un número mínimo de alumnado en 4º curso de ESO, debido principalmente o escaso número de alumnado en dito curso, a existencia de outras materias optativas a elixir, a imposibilidade de elixir francés lingua estranxeira na modalidade de ciencias aplicadas e a existencia da posibilidade de estudar a materia na EOI de Noia, cercana ao noso centro.

En canto ao interese na materia como opción no currículo conta a proximidade do noso país con Francia e Suiza, e incluso o feito de ter familiares neses dous países ou contar no noso centro con alumnado que nalgún momento da súa infancia viviu nalgún país francófono, co que contan cunha experiencia xa nesa lingua.

Igualmente no noso centro leváronse a cabo no pasado catro intercambios de alumnos con centros de estudo franceses: Con Lavour, con Guérande, Paulhan e Masseur. Igualmente realizouse intercambio de correspondencia con centros franceses neses cursos en catro ocasións máis.

É, xa que logo enriquecedor para o centro contar con coñecemento dunha lingua que ocupa o 5º lugar no mundo en canto número de falantes, que abre a porta a comunicarse con falantes de todas partes do mundo, e que supón unha baza importante á hora de viaxar, estudar no estranxeiro, atopar un traballo ou mesmo acceder a contidos en Internet.

Propostas para a revisión da programación didáctica

O curso pasado incluimos na memoria como propostas de revisión para o vindeiro curso as seguintes:

- Recuperar as actividades grupais se o protocolo COVID o permite.
- Revisar a progresión de contidos e fichas a empregar sobre todo en 3º de ESO; en 1º foi moi axeitada e en 2º tamén aínda que se pode axustar máis.
- Seguir desenvolvendo un sistema de rúbricas máis axeitado.
- Incorporar ao ensino a aplicación para teléfono/tablet “Premiers pas français”.
- Incorporar para 1º e 2º de ESO o libro Adomania TV5 de SM como material de apoio e reforzo.

1.2.Composición do departamento.

O departamento de francés é un órgano unipersonal formado dende ou curso 2001-02 por Dona María Jesús Rodríguez Rey. O número de horas adxudicadas ó departamento varía de un curso a outro. No presente curso ó departamento de francés conta con 10 horas lectivas de francés, 6 de lingua castelá, 1 de titoría, 1 de xefatura de departamento, 1 de atención as familias, e 4 de gardas ata completar horario.

1.3. Contexto legal

A reforma do Ensino Secundario en España no marco da LOMLOE concede á Segunda Lingua Estranxeira un espazo ben definido. Tódolos centros deben ofrecer obrigatoriamente esta opción. ou marco institucional fixa con detalle os obxectivos xerais da Segunda Lingua Estranxeira.

Normativa vixente:

- **Lei Orgánica 3/2020 do 29 de decembro.**

- Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Resolución do 11 de maio de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento , no curso académico 2018/19, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da educación secundaria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1.4. Espazos e materiais:

Hai uns dez anos ou departamento de francés podía dispoñer dunha aula propia para a materia, alí estaban centralizados os recursos materiais do departamento á disposición dos alumnos/as e do profesor e podiamos contar entón con dous ordenadores e conexión a Internet na aula, ou que facilitaba moito a labor didáctica.

Desgraciadamente, o escaso espazo no centro fixo que o ensino da materia francés (así como o de outras) tivera que trasladarse á aula de cada curso polo que a profesora de francés vese obrigada a levar o material didáctico por todo o centro, ou ir a buscar e deixar material ó departamento e loxicamente coa axuda de alumnos/as/as ou ben das conserxes. Tamén temos que solicitar o acceso a aula de informática para actividades que precisan de un ordenador por alumno/a, o que non sempre é posible por estar solicitada por outros cursos tamén. Resolver este problema de espazo é a principal petición deste departamento dende entón, pero sen que se vexa resolto.

O departamento de francés desfruta dende o pasado ano, dun cuartito suficiente para almacenar o material didáctico e realizar as tarefas de organización e administrativas propias da materia. Respecto ó material, o departamento de francés conta cunha gran cantidade e calidade de recursos didácticos, tanto físicos coma dixitais.

1.5. Condicionantes do proxecto curricular no 1º ciclo de ESO

Público

Xoves de 12 a 14 anos que se inician na aprendizaxe do francés.

a) Condicións da aprendizaxe:

- A normativa respecto a aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas por semana en cada curso do primeiro ciclo.

- O contexto xeográfico: a proximidade relativa de Francia/Suíza, en relación coa situación da emigración pode favorecer unha perspectiva funcional da nova lingua permitindo ou seu uso comunicativo real, ou unha afinidade emocional, ó se-la lingua que fala algún familiar do alumno.

- A relación entre lingua materna e o francés. No contexto galego, español e europeo atopamos vantaxes ó establecer relación entre as tres linguas: termos transparentes, sonoridades próximas, civilización común.

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

- As experiencias anteriores de aprendizaxe lingüístico en lingua materna e na outra lingua cooficial, e na aprendizaxe dunha primeira lingua estranxeira aportan unha experiencia que debe reutilizarse e que condiciona a motivación para unha nova aprendizaxe en lingua estranxeira.
- As motivacións para aprender unha lingua estranxeira, a esta idade non están en absoluto definidas. A conciencia de utilidade ou necesidade desta aprendizaxe é practicamente nula. Por estas razóns tratamos de motivar ó alumnado cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación en case. A lingua convíreste nun medio para se coñecer, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, divertirse. É así mesmo un medio privilexiado para xerar habilidades e estimula-la curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferencias.

b) Perfil xeral do adolescente de 12 a 14 anos.

- O perfil dun rapaz/a de 12 a 14 anos é ou dun rapaz en cambio de etapa (de primaria a secundaria) e en transición cara a adolescencia.
- O rapaz e a rapaza de 12 a 14 anos é capaz de abstracción pero necesita aínda partir das prácticas sinxelas para entender e sentar as súas reflexións. Ten, sobre todo, necesidade de desenvolver técnicas intelectuais e de estudo, e de aprender a traballar de forma cooperativa e estruturada. Non controla aínda ou seu proceso de aprendizaxe, pero pode entrenarse para comprender e detectar os seus puntos fortes ou débiles, utilizar os seus erros como fonte de progreso e empezar a autoavaliarse.
- Dentro dos obxectivos xerais de etapa, na que se insire o ensino da Segunda Lingua Estranxeira atópase reforzar a autoconfianza en sí mesmo e a socialización para contribuír a unha transición harmoniosa.

1.6. Condicionantes do proxecto curricular no 2º ciclo de ESO:

Público

Xoves que durante os dous anos do primeiro ciclo da ESO iniciáronse na aprendizaxe do francés como segunda lingua materna. Neste ciclo a segunda lingua estranxeira francés convertese nunha opción escollida polo alumnado polo que aparece un certo grao de motivación intrínseca: de ser unha materia imposta pasa a a ser unha opción preferente. O compromiso do alumno coa materia e maior.

a) Condicións da aprendizaxe.

- A normativa respecto á aprendizaxe da Segunda Lingua Estranxeira, a razón de dúas horas por semana no primeiro curso do segundo ciclo e de tres no segundo.
- A relación entre a lingua materna e o francés. No contexto español, galego e europeo atopamos vantaxes ó establecer unha relación entre estas linguas: términos transparentes, sonoridades próximas, proximidade xeográfica relativa, civilización común...
- As experiencias anteriores de aprendizaxe lingüística en lingua materna e de contacto, na primeira lingua estranxeira, así como a segunda lingua estranxeira durante ou primeiro ciclo, aportan unha bagaxe importante para desenvolver estratexias de aprendizaxe autónoma e establecer analoxías e complementariedades entre as linguas do currículo.
- As motivacións para aprender unha lingua estranxeira en situación escolar, xa definidas durante ou primeiro ciclo, ampliáanse durante ou segundo ciclo coa conciencia da utilidade ou a necesidade desta aprendizaxe a través de contactos reais con países francófonos ou adolescentes estudantes de francés doutros países; viaxes, intercambios, correspondencia, utilización do correo electrónico e de Internet.
- Por estas razóns, tratamos de motivar a este xoven público non só cunha práctica inmediata da lingua estranxeira como código de comunicación de clase, senón como práctica da lingua fora da aula.
- A lingua convértese nun medio para coñecerse, expresar emocións, realizar actividades de forma conxunta, estimular a curiosidade, a percepción, a reflexión, a aceptación das diferencias e a comunicación real con falantes desa lingua.

b) Perfil xeral.

O perfil dun rapaz/a de 14 a 16 anos é ou dun rapaz/a adolescente que comeza a ter ideas e valores propios e actitudes persoais.

Nesta idade prodúcese unha integración social máis forte no grupo de compañeiros e compañeiras, mentres, por outro lado, comeza ou proceso de emancipación respecto á familia. Vive á vez dous procesos contraditorios, ou de elaborar a súa propia identidade e a necesidade de vivir experiencias inéditas cara ou exterior.

No plano intelectual, necesita consolidar o pensamento abstracto, ou razoamento lóxico, desenvolver estratexias para a resolución de problemas, desenvolver métodos para ordenar, reaccionar e asimila-la información e iniciarse no pensamento crítico.

O obxectivo primordial nesta etapa é ou de propulsa-la autonomía dos alumnos/as, non só nos aspectos cognitivos ou intelectuais, se non tamén no seu desenvolvemento social e moral.

2. Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou non presencial.

2.1- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.

A metodoloxía será a utilización da aula virtual do centro, o correo electrónico e a videoconferencia para o desenvolvemento do curso. As actividades serán as mesmas para o ensino a distancia como para o ensino presencial. As actividades: vídeos, fichas etc... están sendo xa subidas á aula virtual, tanto as que xa se levaron a cabo como as que se farán próximamente e que quedarán programadas na aula virtual para a súa disposición por parte do alumnado

2.2- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.

O alumnado que non poida seguir o ensino telemático disporá dun exemplar en libro e con cuadernillo de actividades e CD audio no que se sinalarán as leccións e actividades a realizar. O apoio por parte do profesor, neste caso, será por medio telefónico.

2.3- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

Un primeiro mecanismo está baseado na importancia que se lle da á cualificación do traballo persoal diario do alumnado dentro da nota total: o 40% en canto ás actividades a realizar e o 20% en canto ao proxecto, sendo o restante 40% a nota obtida por medio de exames.

Ademáis, en caso de detectar a falta de seguimento por parte dun alumno/a informarase desta circunstancia ao titor ou titora do alumno/a, que informará desta circunstancia à familia para subsanar o problema que poida existir.

3- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

De maneira xeral a materia de Segunda Língua Francés contribúe ao desenvolvemento das competencias clave da seguinte forma.

Comunicación lingüística CCL

Utilizar unha ou varias linguas en distintos ámbitos, de xeito individual ou colectivo. Expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinións, tanto de forma oral como escrita (escoitar, falar, ler, escribir), e interactuar lingüísticamente, dun xeito adecuado e creativo, en todos os posibles contextos sociais e culturais: educativo, formativo, persoal, profesional e de ocio.

Esta competencia trabállase todo o curso nos cinco bloques e en todos os estándares.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencias e tecnoloxía CMCCT

Desenvolver e aplicar o razoamento matemático co fin de resolver distintos problemas na vida cotiá. Dominar o cálculo no contexto do proceso e da actividade. Utilizar os modos matemáticos de pensamento (lórico e espacial) e de representación (fórmulas, modelos, construcións, gráficos e diagramas) e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Aplicar os coñecementos e metodoloxías da ciencia e as destrezas da tecnoloxía paa explicar o mundo físico e a interacción co mesmo, así como para responder adecuadamente ás necesidades humanas. Comprender os cambios causados pola actividade humana e a responsabilidade colectiva e individual nos mesmos. Interaccionar responsablemente co mundo físico, conservando e mellorando o medio natural para o mantemento da calidade de vida.

A competencia matemática trabállase sobre todo na utilización de gráficas e a competencia básica en ciencia e tecnoloxía cando o alumnado traballa sobre ecoloxía, reciclaxe, inventos e científicos/as franceses principalmente.

A competencia dixital CD

Usar con seguridade e de forma crítica e creativa as tecnoloxías da sociedade da información e da comunicación (TIC) para o traballo, o ocio e a inclusión e a comunicación. Utilizar as TIC para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar, intercambiar información, e comunicarse e participar en redes de colaboración a través de internet.

Esta competencia trabállase sobre todo nos recursos utilizados no blogue do departamento e na utilización de recursos didácticos accesibles para o alumnado por internet, así como a utilización de diferentes dicionarios e tradutores on-line.

Competencias sociais e cívicas CSC

Interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos. Interactuar con outras persoas e grupos conforme a normas baseadas no respecto mutuo e as conviccións democráticas. Participar dun xeito eficaz e construtivo na vida social e profesional. Participar plenamente na vida cívica de forma activa e democrática.

Esta competencia trabállase nos estándares que aparecen nas concrecións e traballando os valores democráticos e de convivencia cidadá dos países francófonos e as semellanzas e diferenzas cos nosos.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor SIEE

Transforma as ideas en actos. Crear, innovar e asumir riscos. Planificar e xestionar proxectos co fin de alcanzar obxectivos na súa vida cotiá e tamén no traballo. Promover o bo goberno e

fundamentar en valores éticos as distintas actividades desenvolvidas, sexan sociais ou comerciais.

Esta competencia trabállase sobre todo na realización de traballos creativos e nos proxectos cooperativos e integrados

Conciencia e expresión cultural CEC

Coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, con actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas e utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute persoal, e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia trabállase principalmente nas manifestacións culturais e artísticas dos países francófonos traballadas na aula.

Competencia para aprender a aprender CAA

Organizar o proceso da propia aprendizaxe individualmente ou en grupo culminándose con éxito. Adquirir, procesar e assimilar novos coñecementos e capacidades. Buscar orientacións e facer uso delas. Apoiarse en experiencias vitais e aprendizaxes anteriores co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades en diversos contextos. Ter motivación e confianza nas propias posibilidades.

4- Estándares avaliados que forman parte do perfil competencial.

Estándares avaliados para o perfil competencial de 1º de ESO

SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, nivel de estudos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	▪ CCL
SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	▪ CD
SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que tratan sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.	▪ CCL
SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	▪ CCL
SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	▪ CAA
SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	▪ CCL
SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando	▪ CCL

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	▪ CAA
SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.	▪ CD
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	▪ CCEC
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	▪ CAA
SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	▪ CD

Estándares avaliados para o perfil competencial de 2º de ESO

SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	CCL
SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	CD
SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	CCL
SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	CAA
SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e da información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e nivel escolar.	CCL
SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc. Próximos á súa idade e a súa experiencia.	CCL
SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir	CCL CAA

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	CCIE
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CAA
SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	CD CCEC

Estándares avaliados para o perfil competencial de 3º de ESO

SLEB1.3. Entende os puntos principais do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes) nas que se utilicen frases feitas e estruturas sinxelas e previamente traballadas sobre datos persoais, horarios, prezos, números e preguntas sinxelas, e que se desenvolvan con lentitude e boa articulación.	CCEC
SLEB1.5. Comprende, nunha conversa formal na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sinxelas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	CCL
SLEB1.6. Identifica as ideas principais de programas de televisión e de presentacións moi sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás predicibles ou do seu interese, previamente traballados, articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias ou reportaxes breves), cando as imaxes constitúen grande parte da mensaxe.	CCL
SLEB2.2. Desenvólvese coa eficacia suficiente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.	CCEC CSC
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos pasados, e se expresan de maneira sinxela sentimentos e desexos, plans e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	CCL
SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre un curso de verán).	CCEC
SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese (por exemplo, sobre unha cidade), sempre que poida reler as seccións difíciles.	CD
SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	CCL
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.),	CAA CSC CCEC

e amosa respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	CAA
▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	CD
SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	CCL

5- Concrecións y relacións entre estándares, obxectivos, contidos, temporalización, grao mínimo de consecución e instrumentos de avaliación:

5.1- Obxectivos xerais de área por curso

Obxectivos xerais da LOMCE

Dentro dos obxectivos que a LOMCE marca como propios da Educación Secundaria os que se van tratar dende a área de Segunda Língua Estranxeira Francés son os seguintes:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Os obxectivos anteriores trataranse por medio de outros máis concretos que se traballarán ao longo dos diferentes cursos da seguinte maneira:

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PRIMEIRO CURSO

a. Fomentar unha actitude favorable cara a materia.

b. Reforzar a autoestima e a confianza en si mesmo.

c. Superar a inhibición para comunicar en lingua estranxeira.

d. Comprender situacións e mensaxes orais sinxelas en lingua estándar relacionadas coa vida cotiá e con temas de interese próximos ós alumnos/as.

e. Producir de forma intelixible mensaxes orais sinxelas en relación con situacións da vida cotiá e dun entorno próximos ó alumnado.

f. Entender e utilizar as consignas máis usuais de comunicación na aula.

g. Identificar e reproducir as entoacións básicas do francés.

h. Identificar actitudes e estados de ánimo en mensaxes orais.

i. Utilizar recursos lingüísticos e non lingüísticos para ampliar tanto a comprensión oral como escrita.

j. Establecer as correspondencias básicas entre a lingua oral e a escrita.

k. Comprende-las ideas globais e esenciais dun texto escrito accesible ós coñecementos do alumnado (extractos de prensa xuvenil, cómics, poemas...) l. Comprender e producir descrições e relatos sinxelos tanto de forma oral como escrita.

m. Producir textos simples a partires de pautas.

n. Deducir e inducir normas gramaticais a través da percepción auditiva e a observación de feitos lingüísticos.

o. Utiliza-a experiencia de aprendizaxe doutras linguas e transferila para rendibilizar a aprendizaxe do francés.

p. Reflexionar sobre as técnicas e estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.

q. Empezar a reflexionar e a medir os progresos en lingua estranxeira, así como a recoñecer as propias capacidades e limitacións.

r. Organizar e cuidar o caderno persoal.

s. Utilizar con eficacia o material básico de aprendizaxe (libros, dicionarios, blog, caderno de exercicios, consulta de cadros gramaticais, léxico personalizado...)

t. Adaptarse ó traballo en grupo colaborando cos compañeiros e respectándoos.

u. Respecta-las opinións dos compañeiros e profesores.

v. Realizar pequenos traballos en grupo de forma organizada, integrando os coñecementos lingüísticos noutras habilidades (plástica, música, teatro...)

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

- w. Participar activamente en diálogos, dramatizacións, etc.. usando estratexias lingüísticas para manter a comunicación.
- x. Coñecer algúns hábitos da cultura francesa e comparalos con outras culturas.
- y. Amosar unha actitude aberta, curiosidade e interese por comunicarse en lingua estranxeira.
- z. Acepta-la diferenza e manifestar unha actitude de interese e respecto cara outros pobos e culturas.
- aa. Desenvolver-lo sentido crítico en función da temática abordada.

OBXECTIVOS DO SEGUNDO CURSO

Retomaranse os obxectivos do primeiro curso, engadindo ou potenciando os seguintes:

- 1- Repasar e reforza-lo adquirido.
- 2- Amplía-la competencia comunicativa integrando os elementos adquiridos.
- 3- Comunicar necesidades e sentimentos básicos.
- 4- Formular opinións e apreciacións de forma sinxela en linguaxe oral e escrita.
- 5- Tomar a palabra en francés e participar nos intercambios propios da clase.
- 6- Recoñecer e adecuar a linguaxe segundo a situación e a canle de comunicación.
- 7- Comprender e dar instrucións e explicacións relativas á vida cotiá na linguaxe oral.
- 8- Comprender as ideas principais e secundarias de relatos sinxelos en prensa e literatura.
- 9- Extraer datos concretos de textos adecuados ó nivel.
- 10- Construír pequenos textos e organiza-las ideas de forma coherente.
- 11- Dominar a estrutura básica das frases en francés.
- 12- Coñecer e practicar as regras básicas relativas á ortografía, morfoloxía e sintaxe.
- 13-Organizar o propio traballo con eficacia e utilizar o materia de aprendizaxe de forma adecuada e como fonte de información.
- 14-Avaliar os progresos e o propio proceso de aprendizaxe da lingua.
- 15- Recoñecer e acepta-lo erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- 16-Usar o aprendido para autocorrexirse.
- 17-Asumir con responsabilidade o rol asignado nunha tarefa cooperativa.

OBXECTIVOS DO TERCEIRO CURSO

Retomaranse os obxectivos do primeiro ciclo, engadindo ou potenciando os seguintes:

- a. Comprender situacións e mensaxes orais en lingua estándar relacionados coa vida e cos temas de interese próximos ós alumnos/as.
- b. Producir de forma intelixible mensaxes orais en relación con situacións da vida cotiá e dun entorno próximos ó alumnado.
- c. Identificar actitudes e estados de ánimo en mensaxes orais, e intencións en mensaxes escritas.
- d. Utilizar recursos lingüísticos e non lingüísticos para ampliar tanto a comprensión oral como a comprensión lectora.
- e. Comprender as ideas esenciais e as informacións específicas dun texto escrito dun nivel de dificultade accesible ós alumnos/as (extractos de prensa xuvenil, cómics, poemas...).
- f. Identificar diferentes tipoloxías textuais.
- g. Comprender e producir descrições e relatos, tanto de forma oral coma escrita.
- h. Producir textos creativos a partires de pautas.
- i. Deducir e inducir normas gramaticais a través da observación de feitos lingüísticos orais e escritos.
- j. Utilizar adecuadamente as fórmulas sociais básicas da lingua na expresión oral e escrita.
- k. Comunicar necesidades e sentimentos básicos (acordo ou desacordo, oposición, dúbidas, preocupacións, alegría, etc..)
- l. Producir mensaxes escritas en situacións verosímiles ou reais: correspondencia privada, cuestionarios ou formularios, e-mail.

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2021-2022

- m. Utiliza-la experiencia de aprendizaxe doutras linguas e transferila para facer rendible a aprendizaxe do francés.
- n. Reflexionar sobre as técnicas e estratexias de aprendizaxe dunha lingua estranxeira.
- o. Medir os progresos na adquisición da lingua estranxeira e recoñece-las propias capacidades.
- p. Utilizar con eficacia o material de aprendizaxe procedente de diversas fontes: audio, escrito, informático... para resolver problemas de comprensión e expresión.
- q. Traballar en grupo de modo cooperativo e organizado.
- r. Participar activamente nas actividades que se realizan na aula, utilizando o francés como vehículo de comunicación.
- s. Amosar unha actitude aberta, curiosidade e interese por comunicarse nunha lingua estranxeira.
- t. Aceptar a diferenza e manifestar unha actitude de interese e respecto cara outros pobos e culturas, e outras maneiras de entende-la vida e o mundo
- u. Desenvolver unha actitude crítica cara a información, as opinións, as hipóteses, os modelos e os estereotipos presentados.

TÁBOA:

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

Segunda Lingua Estranxeira. 1º de ESO							
Ob- xec- ti- vos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Compe- tencias clave	Grao mínimo de consecución para superar a materia	Tempora- lización	Procedementos e instru- mentos de avaliación
Bloque 1. Comprensión de textos orais							
	<p>unha competencia comunicativa integrada.</p> <ul style="list-style-type: none"> Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. 		<ul style="list-style-type: none"> SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. 	<ul style="list-style-type: none"> CCL CAA CSC CCEC 	<ul style="list-style-type: none"> MB5.5 Distingue e levar a cabo a maioría das veces as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio. 	<ul style="list-style-type: none"> 	<ul style="list-style-type: none">
--	--	--	--	---	--	--	--

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

3º ESO TEMPORALIZACIÓN NA INTRODUCIÓN DOS CONTIDOS:		
B 5.1 FONÉTICA E B 5.2. ORTOGRAFÍA		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> -Sons e fonemas vocálicos. -Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. -Procesos fonolóxicos máis básicos. -Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración. -Non pronunciar <i>e</i> mudo, nin consonante/es final/ís muda/s 	<ul style="list-style-type: none"> -Uso das normas básicas de ortografía da palabra. -Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas. 	<ul style="list-style-type: none"> -Ser capaz de distinguir de forma oral os diferentes fonemas franceses. -Asociar grafía e sistema fonético a nivel básico (unha letra un fonema). -Comezar a relacionar varias grafías para un mesmo fonema.
B 5.3 ASPECTOS SOCIOCULTURAI E SOCIOLINGÜÍSTICOS		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> - O colexio en Francia. - Poetas franceses do século XX - Francofonía. - Ecoloxía e alimentación. - A vida nas vilas francesas. - Arte e literatura francés. 	<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento a algúns aspectos culturais visibles: hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas; condicións de vida elementais (vivenda); relacións interpersoais (familiares, de amizade ou escolares), comida, lecer, deportes, comportamentos proxémicos básicos, lugares máis habituais, etc.; e a costumes, valores e actitudes moi básicos e máis evidentes sobre aspectos propios da súa idade nos países onde se fala a lingua estranxeira. 	
<p>Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.</p>		

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.		
B 5.5. FUNCÍONS COMUNICATIVAS		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<ul style="list-style-type: none"> -Falar da volta o cole e horarios. -Falar dos compañeiros. -Falar de gustos e costumes. -Dicir a nacionalidade. -Falar da personalidade. -Insistir nalgo. -Describir o aspecto de alguén. -Expresar os gustos con paixón. 	<ul style="list-style-type: none"> -Contar anécdotas pasadas. -Expresar sensacións e emocións. -Dar consellos. -Dar opinións e falar do futuro. - Facer proxectos. - Orientarse nunha vila e describir o lugar. -Preguntar e indicar o camiño. 	<ul style="list-style-type: none"> -Construir un relato en pasado. - Falar das tarefas domésticas e de pequenos servizos. -Expresar a cólera, a indignación. -Expresar a frecuencia. -Dar as grazas. - Explorar o universo dixital. -Comparar obxectos. -Falar dos recordos da infancia.
B 5.6.LEXICO BÁSICO DE USO COMÚN		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>Os sentimentos.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Colexio, actividades extraescolares, gustos, familia e amizades; traballo, tempo libre, lecer e deporte; - Saúde máis básica e coidados físicos elementais. - País e nacionalidade. - Roupa e accesorios. - Descrición física. - Expresións de opinión. - Expresións de tempo futuro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Cualidades e defectos. - Expresións de tempo. - Sensacións e emocións - Compras básicas; alimentación e restauración; transporte. - A vila, vivenda, fogar e contexto; - Preposicións de lugar. 	<ul style="list-style-type: none"> - Expresións para encadrar un relato. - Tarefas domésticas. - Relacións personais. - Tempo meteorolóxico. - Tecnoloxías da información e da comunicación.

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

B 5.7 ESTRUCTURAS SINTÁCTICO-DISCURSIVAS		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
<p>Expresión de relación lóxicas: conxunción (et); disxunción (ou); oposición (par contre); explicativas (parce que). Relacións temporais (de...à, dans, il y a, en). Exclamación (Oh là là! On y va! Quel+nom!). Negación (negación nos tempos compostos). Interrogación (que, quoi; inversión (V + Suj.); réponses (si, pron. tonique + oui/non, pron. tonique + aussi/non plus).</p> <p>Expresión do tempo: presente; futuro (futur proche). Introducción do condicional (fórmula de cortesía: j'aimerais).</p> <p>Expresión do aspecto: puntual (frases simples); habitual (frases simples + Adv. (ex: toujours, d'habitude));</p> <p>Expresión do espazo (prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination).</p> <p>Expresión do modo.</p>	<p>Expresión de relación lóxicas: causa (comme); finalidade (afin de + Inf.); consecuencia (donc).</p> <p>Locutions adverbiales (Tout à fait ! Bien sûr !) Expresión da modalidade: factualidade (phrases éclaratives); Capacidade (être capable de); posibilidade/probabilidade (peut-être); necesidade (avoir besoin de + infinitif, il faut); obriga/prohibición (il faut, verbe devoir, imperativo); permiso (pouvoir, demander); intención/deseño (avoir envie de) ; cortesía.</p> <p>Expresión do tempo: pasado (passé récent, passé composé: participes passés avec les accords).</p> <p>Expresión do aspecto incoativo; terminativo (venir de +Inf.). Expresión da cantidade: (plurais irregulares; números cardinais ata catro cifras; números ordinais ata dos cifras; articles partitifs).</p>	<p>Expresión de relación lóxicas: comparación (plus/moins que);</p> <p>Expresión da existencia (presentativos); a entidade (articles, noms composés, pronoms réfléchis, adjectifs démonstratifs; proposicións adxectivas (qui/que)); a cualidade (posición dos adxectivos, facile/ difficile à...); a posesión (adxectivos posesivos).</p> <p>Adverbios de cantidade e medidas (un (tout petit) peu, trop, (beaucoup) trop, pas assez + Adj., un pot, kilomètres...); o grao.</p> <p>Expresión do tempo: puntual (moments du jour (le matin, le soir), demain matin, jeudi soir) ; divisións (au ... siècle, en (année)); indicacións de tempo (après-demain, avant-hier, tout de suite); duración (maintenant); anterioridade (l y a...que); posterioridade (plus tard); secuenciación (finalement); simultaneidade (au moment où, en même temps); frecuencia (d'habitude, une/deux/... fois par...).</p>

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

SLB 5.4 UN PEU DE THÉÂTRE

OBXECTIVO: Todos os da área para todo o curso, traballar todas as competencias e bloques de forma integrada.

CRITERIO DE AVALIACIÓN: B5.6. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.

ESTANDAR DE APRENDIZAXE: SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe

GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN: MB5.5. Participa de maneira adecuada ás súas capacidades, en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais

ACTIVIDADES: Realizar unas jornadas de teatro en francés.

TEMPORALIZACIÓN: Todo o curso.

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN: Análise da produción dos alumnos/as por rúbricas.

6- Concrecións metodolóxicas.

6.1. Opción metodolóxica

Vertébrase en catro eixos:

1- A comunicación oral e escrita . Actividades para dotar ós alumnos/as dos contidos necesarios para expresarse oralmente e por escrito. Para elo séguense tres pasos:

- a. iniciar a práctica con actividades deseñadas para averiguar coñecementos previos.
- b. Practicar os novos contidos en combinación con contidos xa adquiridos dentro dun marco comunicativo que ofrece pautas de comportamento válidas na vida real (como describir persoas, resolver problemas...) As actividades abarcan as catro destrezas básicas: entender, ler, falar e escribir.
- c. Usar os novos contidos en situacións novas: diálogos, xogos, proxectos...

2- A reflexión sistemática . Actividades para fomentar nos alumnos/as unha actitude de análise e reflexión sobre a lingua francesa e comparala coas outras linguas que manexan. Para que esta reflexión sexa frutífera e preciso:

- a. Baseala en variadas actividades orais e escritas, e orientala con preguntas.
- b. Guiar ó alumno na creación de resumos gramaticais e léxicos persoalizados.
- c. Fomentar ou uso de materiais de consulta para reforzar e ampliar os coñecementos de vocabulario e contidos de gramática.
- d. Fomenta-la indución e dedución de normas gramaticais.

3- As estratexias de aprendizaxe . Actividades para facilita-la aprendizaxe da lingua. Son moi variadas e contribúen, indirectamente, a fomentar a motivación dos alumnos/as:

- a. Usar fórmulas feitas e xestos para compensa-las propias limitacións.
- b. Organiza-lo aprendido.
- c. Realizar gran variedade de actividades lingüísticas individuais e interactivas..
- d. Recorrer a técnicas de aprendizaxe máis lúdicas: cancións, adiviñas, xogos, actividades plásticas, dramatizacións.
- e. Avaliar persoalmente o aprendido e o proceso de aprendizaxe, descubriendo aquelas estratexias máis útiles para cada un: ler, memorizar, escribir, debuxar, repetir, ...

4- Os aspectos socioculturais: Actividades para informar ó alumno sobre aspectos da vida e valores propios dos países de fala francesa e outros. Algúns medios son:

- a. Comparar comportamentos estranxeiros cos do propio país.
- b. Detectar en prensa, televisión, música, e literatura xuvenil algúns temas e valores da cultura estranxeira e comparalos cos propios.
- c. Familiarizarse con lugares, nomes, datos históricos, símbolos e outros elementos representativos da cultura francesa.

6.2. Aplicación didáctica.

Durante moitos anos, a didáctica das linguas estranxeiras baseouse en metodoloxías máis ou menos estritas (métodos directo, audiovisual, ...) derivadas das teorías lingüísticas estruturais e as tendencias conductivistas da aprendizaxe.

Actualmente, a tendencia xeral na didáctica das linguas estranxeiras é a dunha maior flexibilidade metodolóxica co obxecto de conseguir un ensino máis comunicativo, tanto oral como escrito, e un ensino máis funcional e centrado no alumno, tal e como preconizan as teorías cognitivas e constructivistas da aprendizaxe.

Ademáis, co documento MCER das Línguas, incídese non só nunha aprendizaxe comunicativa se non tamén actancial, a lingua non só serve para comunicarse e influír no interlocutor, senón tamén para levar a cabo tarefas ou conseguir un obxectivo dado (p.ex. comer nun restaurante, inscribirse nun curso, reservar unha entrada, enviar un currículum, etc..) De ahí que o enfoque sexa eminentemente comunicativo e a base de tarefas que poden xurdir na vida real, de ahí as actividades finais e proxectos.

7- Materiais e recursos didácticos.

Por orden de importancia e frecuencia na súa utilización dos materiais e recursos a empregar son:

AULA VIRTUAL DE FRANCÉS

APPRENDRE ET ENSEIGNER AVEC TV5

MATERIAL MONDOLINGUO

REVISTA KIOSKE (SANTILLANA)

XOGOS EDUCATIVOS

BLOGUE do departamento de francés: www.francesasilva.wordpress.com

MATERIAIS FEITOS POLO DEPARTAMENTO.

APP PREMIERS PAS FRANÇAIS

CD- ROMS

DVDS con actividades específicas de explotación pedagóxica.

PRESENTACIÓNS POWERPOINT

MANUAIS ou libros de texto de varias editoriais utilizados como libros de consulta

DICCIONARIOS francés- castelán, francés-galego, francés-francés,

ENCICLOPEDIAS Hachette, e enciclopedia Hachette multimedia. Dicionarios visual e de argot.

COMICS E REVISTAS en francés

INTERNET

"DOCUMENTS AUTHENTIQUES" de todo tipo.

CD AUDIO

LIBROS DE LECTURA EN VERSIÓNS ADAPTADAS PARA ESTUDIANTES. VARIOS NIVEIS

MATERIAIS DE REFORZO

8-Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado.

Segundo indica o artigo 21 do D. 86/2015 "a avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado será continua, formativa e integradora".

Ademais a lexislación vixente aclara que "implicará un seguimento do proceso e dos resultados das aprendizaxes ao longo de todo o curso".

Polo tanto, este departamento avaliará o proceso de aprendizaxe tendo en conta tres fontes de información:

- Probas específicas: comprensión oral, escrita, expresión oral, escrita, gramática, pronunciación ...
- As tarefas de aula diarias.
- O traballo desenvolvido nos proxectos.

Os criterios de avaliación:

A cada alumno/a consideraráselle estándares esixibles os que figuran na presente programación no seu grao mínimo de consecución para consideralo/a aprobado/a a efectos de superación da materia.

Cualificarase ós alumnos/as a partires **dos distintos procedementos e instrumentos de avaliación** :

Observación sistemática (Escala de frecuencia, numéricas, rúbricas, xornais de clase...)

Análise das producións dos alumnos/as (Caderno de clase, textos escritos, producións orais, xogos de simulación e dramáticos, lecturas, cancións, traducións, diálogos...)

Intercambios orais cos alumnos (test de expresión oral)

Cuestionarios ou test.

Criterios de cualificación:

Bloque 1- Comprensión de textos orais. 10% porcentaxe da nota final.

Instrumentos: Test de comprensión oral, Escalas de frecuencia na aula. Rúbricas, etc..

Bloque 2- Producción de textos orais. 20% porcentaxe da nota final.

Instrumentos: Test de expresión oral. Escalas de frecuencia na aula. Rúbricas, etc..

Bloque 3- Comprensión de textos escritos. 10% porcentaxe da nota final.

Instrumentos: Test de expresión escrita. Escala de frecuencia na aula. Rúbricas, etc..

Bloque 4- Producción de textos escritos. 20% porcentaxe da nota final.

Instrumentos: Caderno de clase (exercicios) e textos escritos ou cuestionarios. Rúbricas, etc..

Bloque 5- Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe 40% porcentaxe da nota final.

Instrumentos: Lecturas, Cancións, Ditados, producións escritas, Caderno de clase, Escalas de frecuencia, Rúbricas, etc...

Respecto aos instrumentos de avaliación:

O traballo diario de clase/casa 40 %

As probas específicas 40%

O proxecto 20 %

En caso de haber só dúas fontes de avaliación será 50% cada unha e en caso de unha soa fonte o 100%.

Respecto á avaliación ordinaria de xuño

Para os estándares de aprendizaxe anuais teranse que ter alcanzados ao final do curso. Aqueles que sexan propios de cada trimestre terán que ser alcanzados nunha proba final específica en caso de non selo na avaliación trimestral. A 50% dos estándares de aprendizaxe debe ser alcanzado no seu grao mínimo. Considerase o aprobado cunha nota de 5. O exceso nunha nota que non teña efectos na avaliación poderá ser tido en conta na seguinte: p ex. Se o alumno/a acadou un 6,5 de media no seu boletín aparecerá un 6, pero gardarase o 0,5 restante para engadir na avaliación seguinte.

A nota final será a media das notas das avaliacións. Se o resultado queda en X,5 considerarase o redondeo á nota superior se a nota da terceira avaliación é máis alta desa media e o redondeo baixará á nota anterior se a nota da terceira avaliación é máis baixa desa media. (Ex: media 6.5 si 3ª aval ten un 8 quédalle un 7, se na terceira avaliación ten un 5 quédalle un 6)

Respecto á avaliación extraordinaria de xuño

Faranse probas específicas para comprobar se se teñen alcanzados os mínimos esixibles para considerar aprobada a materia.

Respecto á avaliación de maio:

En caso de que o alumno/a curse francés e teña pendente a materia do curso anterior, considerarase aprobada na avaliación que se demostre que o alumno/a acadou o grao mínimo dos estándares do curso anterior. Se non sucedese, terase que presentar ao exame de maio. En caso de non superalo, poderá considerarse aprobado se supera a materia do curso superior tanto en calquera das súas dúas convocatorias

En caso de que non curse francés, terá que presentarse á convocatoria de maio tendo presentados os exercicios de revisión en forma e prazo.

9- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.

Este curso non temos alumnado nesta situación.

Habitualmente contemplamos dous casos neste alumnado:

Que o alumno/a coa materia pendente estea cursando o nivel superior de francés.

Nese caso entrégaselle material complementario que poida necesitar e avalíase o seu progreso podendo considerarse recuperado o curso anterior cando alcance os estándares debidos, o cal se reflicte na sesión de avaliación. Se isto non ocorre antes da convocatoria de maio o alumno/a deberá presentarse á proba específica de maio.

Que o alumno/a coa materia de francés pendente non curse xa francés. Nese caso entrégaselle a principio de curso un caderniño ou libro e caderno para que poida practicar os contidos precisos e fíxase unha sesión de control ou para resolver dúbidas, normalmente un recreo cada mes, ou máis se o demanda o alumno/a. A evolución do alumno/a observado durante estas sesións de control será valorado cun 40% da nota final e o 60% restante obteraa na proba de maio.

10- Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.

Un primeiro indicador é o consecución dos obxectivos marcados na presente programación por parte do alumnado. Igualmente o grao de consecución dos estándares.

Outra serán os resultados obtidos polos alumnos/as tras cada avaliación. Igualmente as porcentaxes de alumnado que alcanza o ben, o notable ou sobresaínte.

Finalmente as enquisas nas que participa o alumnado para valorar o proceso de ensino e práctica docente e que van reflectidas na memoria final do curso.

11- Diseño da avaliación inicial.

A avaliación inicial permítelle ao profesor establecer o perfil da súa clase e axustar o seu proxecto pedagóxico.

- No curso 1º, o alumnado non soe ter coñecementos previos da materia agás aqueles rapaces/as que veñan de vivir en países francófonos ou pasar temporadas neles. Se é o caso unha breve entrevista co alumno/a en francés ou galego permite ir deseñando o perfil de aprendizaxe e os obxectivos que se desenvolverán durante o curso.

Na case totalidade das ocasións o alumnado non tivo contacto coa lingua estranxeira máis que ocasionalmente e simplemente é quen de recoñecela.

A avaliación inicial permite xa que logo, captar o perfil do alumno, a súa disposición e aptitudes cara a materia. Neste caso utilizamos a primeira unidade didáctica para ir definindo eses perfís, por observación directa e algunha proba puntual, neste curso soe ser algún test de comprensión oral e escrita.

- Para cursos superiores a primeira unidade permite revisar e repasar de maneira breve por medio de actividades deseñadas para verificar cada bloque, os estándares alcanzados no curso anterior. Isto nos permite deseñar actividades personalizadas en caso de necesidades individuais ou actividades de reforzo para toda a clase.

- Neste curso e dada a situación orixinada polo confinamento no trimestre do curso pasado, atopámonos con alumnado que seguiu as actividades propostas de maneira regular e outro alumnado que non seguiu as actividades ou o fixo de modo anecdótico ou moi irregular.

- No primeiro trimestre, polo tanto nos meses de setembro e outubro revisaranse os conceptos básicos desenvolvidos no terceiro trimestre do curso anterior e elixiranse actividades que serán de repaso para o alumnado que seguiu o ensino telemático e actividades de iniciación-sensibilización para o alumnado que non o seguiu.
- Todas estas actividades elixidas a propósito para detectar os saberes adquiridos ou esquecidos permitirán establecer as medidas necesarias para introducir ou non actividades de reforzo específicas para o alumnado.

12- Medidas de atención á diversidade e dificultades derivadas da fenda dixital.

A diversificación como resposta. “Educar na diversidade é unha actitude e unha convicción antes que un recurso técnico”. (Muñoz, E., e Alginet, J., “Comprensividad e diversidad”, Cuadernos de Pedagogía, número 183). « Pédagogie différenciée en classe de FLE » Díaz-Corrалеjo, J. et Russell, E. Ed. Longman, Madrid 2001.

A atención á diversidade require unha intervención o suficientemente variada e diversificada como para que cada alumno atope as condicións óptimas para desenvolver con éxito a súa aprendizaxe. Polo tanto flexibiliza-la intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender adecuadamente á diversidade dos alumnos/as.

Esta diversidade queda reflectida nas diferencias que presentan os alumnos/as en canto :

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o francés.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes ou capacidades.
- Os seus distintos ritmos de aprendizaxe.
- Os seus distintos estilos de aprendizaxe.
- As súas actitudes con respecto á escola.
- Os seus estados emocionais.

Para ter en conta estas diferencias dispórase dun material complementario como é:

Material complementario

- Direccións Internet.
- Maletín de “Atención á diversidade” de Essentiel, Santilana.
- C.D. audio para o alumno con exercicios específicos.
- Vídeos e CD-ROMS.
- Exercicios de explotación de Internet, vídeo e actividades complementarias.
- Exercicios de reforzo.

E tamén de diversificación:

Diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas.

1-Organización do espazo-clase e o agrupamento do alumnado segundo:

- as actividades.
- os intereses e as motivacións dos alumnos/as.

2-Utilización de pluralidade de técnicas segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado:

- Visuais.
- Auditivas.
- Cinéticas.
- Globalistas.

3- Aplicación de distintas modalidades de traballo:

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

- Traballo individual, en parellas, en pequeno grupo ou en gran grupo (neste curso serán tendo en conta as restricións de interacción e distancia persoal, serán prioritariamente virtuais).
- Traballo en grupo de corte individual ou cooperativo.

4- Utilización de diversos materiais e soportes:

- Auditivos.
- Escritos.
- Visuais, etc....

5- Alternancia de actividades e duración das mesmas:

- Itinerarios e secuencias distintas.
- Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido:
- Actividades de audición, sensibilización e comprensión oral global.
- Observación e traballo sobre a imaxe, relación texto e imaxe, comprensión escrita.
- Dramatizacións.
- Reflexión sobre a lingua.
- Lectura para extraer información concreta.
- Resposta a preguntas persoais.
- Exercicios de encher ocos.
- Observación de imaxes e resposta a preguntas sobre as mesmas.
- Traballos colectivos.
- Respostas orais.
- Test.
- Reflexión sobre ou propio aprendizaxe: Autoavaliación.

6- Diversificación das ferramentas:

- Prácticas de ampliación e reforzo.
- Traballo sobre dificultades específicas.

7- Actividades facilitadoras das técnicas de estudo e autoaprendizaxe:

- Consulta: Apéndice gramatical, Léxico personalizado, Dicionarios.
- Organización do traballo persoal.
- Consellos para aprender
- Autoavaliacións e co-avaliacións.
- Propostas de exames para practicar.

8- Actividades para paliar a fenda dixital:

- Entreno e utilización na aula en ensino presencial da aula virtual de francés por medio da pizarra dixital para familiarizar ao alumnado coa súa aparencia e utilización.
- Utilización na casa da aula virtual como medio de estudo ou reforzo para familiarizar ao alumnado coa súa utilización (realización e envío de actividades) e para detectar posibles problemas de acceso, uso, etc...

13- Elementos transversais, concreción.

13.1. Obxectivos LOMCE

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social. Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico. Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

3. A Consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

4. No ámbito da educación e a seguridade viaria, promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

13.2. Contidos

Os temas transversais estiveron sempre moi presentes no ensino das linguas estranxeiras, xa que aprender outro idioma implica reflexionar sobre múltiples facetas da vida cotiá, ó tempo que se compara a realidade estranxeira coa propia.

Educación para a convivencia

Fórmulas de cortesía, reaccións entre alumnos/as e profesores, respecto ós demais, familia, traballo voluntario, pluralidade de culturas que cohabitan en Francia. Na clase: diálogo, tolerancia, sentido do humor, cooperación. Festas e calendario, cultura xeral, símbolos da Unión Europea, símbolos de Francia, francofonía...

Educación para a saúde

Deportes e vacacións, vida ó aire libre, protección da natureza, alimentación equilibrada. Compra responsable. Análise crítico de mensaxes publicitarias. Este ano incorporaremos contidos propios da situación COVID na que estamos inmersos a fin de concienciar nas actitudes de prevención.

Educación para a paz

Respecto e tolerancia cara a diferenza. Convivencia no grupo-clase. Difusión de actitudes de tolerancia, pacifismo e resolución non violenta dos conflitos. Linguas estranxeiras, palabras internacionais, préstamos culinarios e lingüísticos, produtos e personaxes do mundo francófono,

celebridades mundiais, sistema escolar en Francia e noutros países, desigualdade de oportunidades, turismo, cursos de idiomas no estranxeiro, visión global do mundo (razas, horarios...)

Educación non sexista

Homes e mulleres no mundo do traballo, heroes e heroínas. Na clase: rexeitamento de calquera prexuízo sexista. Análise de estereotipos. Visibilización do colectivo LGTBQ+

Educación ambiental

Importancia da natureza por si mesma e como elemento fundamental do noso ocio, defensa do medio ambiente e dos animais.

Estes elementos transversais trabállanse en todos os cursos ao longo de todo o ano.

A continuación ofrecemos unha lista de datas idóneas para motivar a reflexión e ou traballo sobre os temas transversais tanto por medio de actividades normais de aula como por medio de actividades extraordinarias. Aproveitaranse algunhas destas datas nos cursos que coincida ese día para facer unha mención e algunha actividade relacionada.

16 de outubro: Día mundial da alimentación

17 de outubro: Día mundial da erradicación da pobreza

20 de novembro: Día dos dereitos do neno e da nena

1 de decembro: Día mundial da SIDA

3 de decembro: Día internacional das persoas con minusvalías

6 de decembro: Día da Constitución española

10 de decembro: Día dos dereitos humanos

30 de xaneiro: Día escolar da non-violencia e da paz

8 de marzo: Día internacional da muller

15 de marzo: Día internacional do consumidor

21 de marzo: Día internacional para a eliminación da discriminación racial

22 de marzo: Día mundial da auga

7 de abril: Día mundial da saúde

9 de maio: Día de Europa

31 de maio: Día mundial sen tabaco

5 de xuño: Día mundial do medio ambiente

14 – Actividades complementarias e extraescolares.

Este curso non está prevista a realización de actividades complementarias ou extraescolares.

15 - Revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Unha vez establecida a programación anual, a práctica diaria da aula daranos a medida da súa adecuación, en cuanto á temporalidade e a adquisición dos contidos e/ou procedementos.

As circunstancias máis comúns que fan variar a programación son:

- A detección de carencias ou esquecementos en conceptos ou competencias xa traballadas, normalmente en anos anteriores e que vémonos na necesidade de afianzar.
- A dificultade na adquisición dos conceptos que noutros anos non presentaron problemas, xa que o tipo de alumnado e a interacción do grupo pode cambiar moito de uns cursos a outros.

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

- Imprevistos respecto ó horario lectivo previsto; normalmente aparecen actividades complementarias de outras materias que precisan da nosa hora de clase, inclemencias temporais que nos poñen na necesidade de cancelar as clases ou os propios imprevistos ou enfermidades da profesora da materia.

- En ocasións circunstancias socio-culturais puntuais (a concesión dun premio Nobel a un escritor francés, a elección dun novo presidente de Francia, algún problema social relevante que aparece nos nosos noticiarios, ou o éxito nun momento determinado dun actor ou cantante francés ... as propias inquietudes e curiosidades dos alumnos/as/as ...) fan aconsellable aproveitar ese feito puntual para achegarnos á realidade do país cuxa lingua intentamos ensinar. A comparación semanal da programación anual elaborada a principio de curso coa marcha real da mesma verase reflectida nunha serie de decisións en canto os cambios e axustes a realizar e estes son recollidos nos informes mensuais do departamento.

Trimestralmente os alumnos/as/as cobren cuestionarios de autoavaliación para reflexionar sobre ou seu proceso de aprendizaxe, posteriormente son revisadas pola profesora e abórdanse os puntos en desacordo. Estes cuestionarios son tamén unha fonte de reflexión sobre a marcha da programación.

A final de curso, tras unha reflexión global do acaecido en canto á consecución dos obxectivos, o departamento de francés tomará unha serie de decisións cara ó seguinte curso, non só respecto á propia programación sino tamén tómanse decisións en canto ós materiais didácticos a utilizar, a metodoloxía ou calquera outro aspecto que se vexa ser relevante.

16- Accións de contribución ao plan TIC do centro.

Dende a materia de lingua estranxeira, a contribución á **competencia no tratamento da información e a competencia dixital** vai ser esencial. O tratamento da información vaise traballar desde esta área como un contido específico a través de actividades que requiran do alumnado ou manexo de fontes informativas en distintas linguas, soportes e modelos lingüísticos e ou seu procesamento e presentación posterior. Da mesma maneira a contribución á competencia dixital vai ser continua, desde ou uso das TIC para a creación de distintos contextos comunicativos: chats, foros, correo electrónico, blogs, etc., pasando polo uso de distintas ferramentas dixitais para manexar a información: CD, DVD, Internet, presentacións de POWERPOINT, ... ata ou uso de distintos recursos para a aprendizaxe das linguas: programas de softwares específicos, páxinas web, dicionarios en liña, tradutores automáticos, etc...

Así mesmo o deseño de actividades específicas como busca de información, webquests, correspondencia con alumnos/as da lingua estranxeira por medio do correo electrónico, presentación de traballos etc...

Dende ou curso 2008 a competencia dixital trabállase tamén por medio dun blog: www.francesasilva.wordpress.com.

Neste blogue traballamos esencialmente a competencia dixital, comunicativa e a interdisciplinariedade.

A partir deste curso incorporamos a AULA VIRTUAL do noso centro como preferente.

Actividades de TICS 1º ESO:

- 1- Utilización da aula virtual do departamento de francés.
- 2- Deixar comentarios no blogue do departamento de francés.
- 3- Utilización dun dicionario on-line.
- 4- Utilización dun tradutor on-line.
- 5- Presentación de páxinas de aprendizaxe autónomo por internet para o nivel do alumnado.
- 6- Utilización da Internet para a busca de información.
- 7- Utilización de CDROMs interactivos.

- 8- Utilización da app Premiers pas français do CAVILAM-VICHY
- 9- Formulario google para enqisas.

Actividades de TICS 2º ESO:

- 1- Utilización da aula virtual do departamento de francés.
- 2- Deixar comentarios no blogue do departamento de francés.
- 3- Utilización dun diccionario on-line.
- 4- Utilización dun tradutor on-line.
- 5- Presentación de páxinas de aprendizaxe autónomo por internet para o nivel do alumnado.
- 6- Utilización da Internet para a busca de información.
- 7- Utilización de CDROMs interactivos.
- 8- Utilización da app Premiers pas français do CAVILAM-VICHY
- 9- Utilización dun tradutor fonético.
- 10- Realización dunha enquisa cun formulario GOOGLE.
- 11- Realización dun poster co programa CANVAS.

Actividades de TICS 3º ESO.

- 1- Utilización da aula virtual do departamento de francés.
- 2- Deixar comentarios no blogue do departamento de francés.
- 3- Utilización dun diccionario on-line.
- 4- Utilización dun tradutor on-line.
- 5- Presentación de páxinas de aprendizaxe autónomo por internet para o nivel do alumnado.
- 6- Utilización da Internet para a busca de información.
- 7- Utilización de CDROMs interactivos.
- 8- Utilización da app Premiers pas français do CAVILAM-VICHY.
- 9- Utilización dun tradutor fonético.
- 10- Realización de webquests.
- 11- Utilización dunha enquisa formulario google.
- 12- Realización dun powerpoint.

17- Accións de contribución ao plan lingüístico e plan lector do centro.

O francés segunda lingua estranxeira fai unha grande aportación á lectoescritura, tanto nos seus obxectivos xerais de etapa (véxanse os nº 3, 4, 5 e 6) como polos bloques de contidos 1-4 (comprensión oral, escrita; expresión oral, escrita); así mesmo a maior parte dos contidos referentes ós aspectos socioculturais e consciencia intercultural vehículanse por medio da linguaxe escrita, apoiada por medios audiovisuais.

Nos estándares dos respectivos bloques trabállase de forma exhaustiva a comprensión escrita nas súas distintas facetas: comprensión global, busca de informacións concretas, análise de textos de distintos tipos, etc...; a expresión escrita, con finalidade comunicativa e tamén estética. Nos criterios de avaliación recóllense e valóranse aqueles que contribúen ao fomento da lectura autónoma e comprensiva, así como de lecer. Os criterios de avaliación dan conta dos resultados do proceso ensino-aprendizaxe en canto as estratexias de lectoescritura nos distintos cursos de ESO.

A comprensión e expresión escrita contará con probas de avaliación específicas. O tempo mínimo estimado adicado a lectura, escritura, aprendizaxe gramatical e prácticas de comprensión lectora estímase en 20 minutos por sesión de media. Igualmente o departamento de Francés dispón de libros de lectura acompañados dun CD AUDIO, clasificado en distintos niveis de dificultade. Estes libros de lectura son propostos ós alumnos/as na propia aula en momentos específicos de lectura así como para lectura e escoita no domicilio do alumno. O departamento de francés dispón tamén dun amplo abano de revistas infantís e xuvenís en

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

francés, con distintos niveis de dificultade, que son propostas periodicamente ós alumnos/as dentro da aula. Todos os anos ou departamento de francés realiza unha ou varias actividades de educación documental e animación á lectura na biblioteca do centro para cada curso, coincidindo con outras actividades do currículo.

CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR DO CENTRO

FRANCÉS		
ACTIVIDADE	PERIODICIDADE	MATERIAIS
Lectura de textos breves relacionados con temas actuais.	Sistemática Diaria	Materiais do departamento: <i>Letras de cancións.</i> Audios: <i>Audiovisuais con subtítulos.</i>
Lectura comprensiva de textos breves sobre temas previamente traballados	Mensual	Materiais do departamento Fondos da biblioteca. <i>Revista Kiosque.</i> <i>Recetas de cociña.</i>
Traballo sobre páxinas web e blogues	Mensual	Internet e blogues do departamento <i>Búsqueda de información.</i>
Diálogos escenificados	Quincenal	Materiais do departamento Audio <i>Materiais Mondolinguo.</i> <i>Xogos.</i>
Memorización de pequenos textos dialogados	Quincenal	Materiais do departamento Fondos da biblioteca Audio <i>Pequenos diálogos.</i> <i>Atelier théâtre. Ed. Heinemann.</i>
Memorización e recitado de cancións e sons	Quincenal	Materiais do departamento Fondos informáticos e audiovisuais. <i>Cancións.</i> <i>Trabalinguas.</i>
Utilización de imaxes e son	Sistemática Diaria	Materiais do departamento <i>Audiovisuais “Apprendre et enseigner avec TV5”</i>
Lectura, pronunciación e entoación	Sistemática Diaria	Materiais do departamento Fondos informáticos e audiovisuais. <i>Audiovisuais “Apprendre et enseigner avec TV5”</i> <i>Fichas “Apprendre et enseigner avec TV5”</i>
Traballo sobre a caligrafía, ortografía e de reflexión sobre a lingua	Sistemática Diaria	Materiais do departamento <i>Caligrafía francesa, cuadrícula francesa.</i>

PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS CURSO 2019-2020

Traballos de investigación documental	Mensual	Internet Fondos da biblioteca <i>Projet de cada curso</i>
Propoñer e comentar lecturas de libros franceses traducidos ó galego ou castelán	Sistemático	Materiais do departamento Fondos da biblioteca Fondos persoais prof/alumnos <i>Diferentes contos, libros, adaptacións de libros por medio de películas de autores franceses.</i>
Lectura de libros en francés adaptados ó nivel do alumno/a	Trimestral	Materiais do departamento Fondos da biblioteca <i>Bds: Astérix, Tintin, Gaston Lagaffe, etc...</i> <i>Libros de lectura adaptada por niveis.</i>

Asdo: **María Jesús Rodríguez Rey**
Xefa do departamento de francés
CPI Plurilingüe Cernadas de Castro